

Coordinación: Luís Ventoso | Marta Otero

O ESCRITOR DOMES

FRANCISCO FERNÁNDEZ NAVAL
ESCRITOR«ONDE MÁIS APRENDÍN DE GALICIA FOI
EN LONDRES, CON PÉREZ-BARREIRO»

No vello libro do Levítico lese que hai un tempo de sementar e un tempo de recoller, un tempo de rír e un tempo de chorar, un tempo de falar e un tempo de calar... Para Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956) este está sendo un tempo de calar, un estado de ánimo de intimidade, de recolleto, de estar dentro de si «buscándose, e a vida pública sempre perturba un pouco». De tódolos xeitos, acepta, co seu sorriso de sempre (ese da boa xente), e agradece a distinción da Asociación de Escritores en Lingua Galega de nomealo o protagonista deste mes de xaneiro. O gañador do premio Xerais de hai unha década coa novela *O bosque das antas* lembra que empezara escribindo teatro, nese Ourense no que a inspiración «vén das augas, das termais e a das outras fontes» e onde formaba parte dun «case mítico» grupo teatral da cidade. Ademais dunha nova entrega de Suso Espada, o seu detective que esta vez viaxa a México —«aínda que vexo que se está facendo un pouco maior, coma nós, xa non pensa tan rápido como antes», comenta rindo—, acaba de rematar unha nova guía de Ourense que publicará Everest e estará na próxima feira de Fitur, unha obra de teatro pensada para actriz Inés Cuadrado e sigue dándolle voltas a cunha novela na que leva catro anos traballando. Poesía, ensaio, literatura xuvenil, novela ou relatos curtos son xéneros nos que ten obras publicadas. De todos eles lembra especialmente a guía *Unha viaxe camiño do sopor: Do Tambre a fin da terra* (A Nosa Terra), «porque vin a xente por Muros ou Carnota buscando cousas que viñan nesa guía», ou o que chama «un libro feliz»: *Historias roubadas* (Everest Galicia), oito relatos nos que amosa a súa enorme imaxinación para mesturar realidade e ficción e unha mostra é que no bar de Rick, da película *Casablanca*, refúxiase Sara, unha rapaza que, e este é un feito real, fuxe cos seus pais que eran mestres da represión franquista desde Rodeiro, en Ourense. O sorprendente é que vendo a película hai unha moza que podería ser a Sara de Fernández Naval. A súa última obra, *Para seguir bailando* (Xerais) tamén é de relatos curtos e unha das historias máis emotivas e fermosas que ten escrito está en



CÉSAR QUIAN

Naval publicará estes días unha guía de Ourense e rematou unha nova aventura do detective Suso Espada

Sete noites e un amencer (Biblos, colección Mandaio) na que conta os encontros amorosos nun bar que protagonizan unha parella de persoas cegas.

—Ese estado de interiorización é ten que ver coa perda dun amigo como Fernando Pérez-Barreiro?

—Non, ese estado de ánimo xa viña desde finais do ano pasado. A perda de Fernando é irreparable, produce un fondo baleiro, unha tristeza. Teño un correo del de finais de ano, precioso, que agora releo e que si me produce nostalxia. Confío en que nunca deixe de estar presente, porque era unha referencia na que eu pensaba todolos días e gustárame seguir pensando en el, conservar ese calor da súa presunta presenza comigo.

—Cada vez quedan menos referentes de Galicia no exterior.

—Bueno, seguen quedando algúns. De Fernando, alguén de Ferrol dicía estes días que era a persoa máis intelixente que coñecera e Franco Grande repite continuamente que non entende como Galicia deixou marchar unha persoa como esta, como non foi capaz de retela aquí.

—Tamén era considerado como un referente na conservación do galego fóra de Galicia, ¿non?

—Fernando sempre mantivo o galego, aínda que falaba alemán, era quen de facer un discurso en israelí e estaba considerado un dos mellores tradutores do chinés tanto ao galego como ao castelán. A súa casa, primeiro en Londres e despois en Lancaster, era sempre un lugar de acollida e diso pode dar testemuña moita xente, como o teu compañeiro Xesús Fraga que o coñeceu alí. Eu teño que dicir que aprendín máis do que é Galicia paseando unha tarde por Londres con Fernando que con tódolos libros que tiña lido aquí. En moitas cousas era sorprendente a visión que, desde esa distancia, tiña do país.

—A xeografía da súa literatura vai desde Bos Aires, onde buscou as pegadas galegas de Cortázar, ata México, onde manda a Suso España, pasando por Cuba ou Istambul, e todo desde Galicia.

—Ás veces preguntome por que a miña obra non chega a máis xente, por que non ten máis calado. O mellor é iso de que quen moito abarca pouco aperta. Tamén penso que o país é o que é, que os lectores son os que son.

—¿Non é moi autoesixente?

—Trato de ver o que é a miña literatura, pero non son pesimista. Ás veces fálase dos lectores que había na Segunda República, das

actividades culturais, pero entónces podía haber mil persoas lendo. Hoxe en día, se a metade dos galegos len polo menos un libro cada ano temos 1.300.000 lectores e, se deses 400.000 len en galego, pois iso é moito.

—Parece que a novela negra galega, polo menos a creación de detectives é cousa dos autores de Ourense: Miguel Anxo Fernández con Frank Soutelo, Diego Ameixeiras con Horacio Dopico, vostede con Suso Espada...

—Si, iso é cousa das augas, dos vapores das termais e da das outras fontes, que alimentan o imaxinario, tamén o popular como que a Burga vai dar debaixo do Santo Cristo. O certo é que Ourense é unha cidade que culturalmente está á mesma altura de calquera outra incluso de máis tamaño.

—E acaba de facer unha nova guía da cidade, que xa fixera unha da provincia con Camilo Franco.

—Gústame a literatura de viaxes, as guías, aínda que teñen o problema de que recomendas un lugar para comer e cando sae resulta que xa pechou. Nesta xa tiven que facer dúas correccións porque me cambiaron un santo de sitio (comenta rindo). De tódolos xeitos, esas guías teñen o valor de contar o que había.